

Excmo. Sr. **Alcalde**:

Dende a asociación cultural “**Vigo Industrial**” dirixímonos a vostede para **solicitarlle que o Concello de Vigo actúe pola conservación, posta en valor e reutilización da conserveira Alfageme de Bouzas.**

Como ben saberá, son moitas as circunstancias que obrigan a cidade de Vigo a ser especialmente atenta e cautelosa co futuro deste elemento do noso Patrimonio Industrial:

1º) A **importancia histórica** e representatividade de Conservas Alfageme, non só a nivel local, se non tamén a nivel galego e español. **Alfageme foi unha das maiores empresas conserveiras de España**, con marcas moi populares dentro e fóra das nosas fronteiras.

2º) O relativamente **bo estado de conservación** da práctica totalidade dos inmobles que compoñen a fábrica, afortunadamente **aínda non sufriu grandes destrucións, mutilacións ou transformacións**, Este bo estado de conservación converte a esta conserveira de Bouzas nun **exemplar único dentro do patrimonio industrial español e mundial**.

3º) A **boa calidade arquitectónica** dos diversos inmobles, Tanto pola **calidade dos materiais** (granito, ferro de fundición, boas madeiras, formigón rexo,...) coma a súa calidade **espacial** (grandes luces e alturas) ou como no seu **deseño**,... que no caso dalgúns edificios leva a sinatura do arquitecto **Manuel Gómez Román** ou a enxeñería da casa **Barreras**, ou incluso de pezas anónimas de gran valor como por exemplo o hórreo do xardín da fábrica.

4º) A **transcendencia simbólica da factoría**, como elemento crucial da identidade mariñeira e industrial de Vigo e a súa bisbarra; e especialmente para a **vila mariñeira de Bouzas**, xa que esta é unha das industrias máis importantes da vila, **na que tantas mulleres e homes teñen traballado**.

Por todo isto, e moitas outras razóns históricas, culturais e urbanísticas, é preciso que o novo PXOM de Vigo asegure a conservación integral da fábrica de Alfageme en Bouzas, e que o propio PXOM faga unha **ordenación da parcela e a súa contorna encamiñada a máximo respecto. visibilidade e aproveitamento público e cultural** do elemento a conservar.

En concreto, pedímoslle que no “catálogo de elementos a conservar do novo PXOM” en elaboración, esténdase a protección e recoñecemento do valor histórico-cultural a totalidade da parcela e inmobles da antiga conserveira.

De tal xeito, consideramos que:

1º) **debe elevarse o nivel de protección do edificio principal da fábrica “ambiental” a “integral”**, estendendo a obriga de conservación que tiñan aos elementos externos aos internos, como son a estrutura da cuberta, escaleira e sobrado feitos en ferro; as carpinterías de madeira e vidro das oficinas e arquivo; os enlousados e mármore dos aseos e o laboratorio,...; os mobles e elementos de oficina que se conservan; as tubaxes e outras instalacións industriais que perviven,...

2º) **catalogar e protexer individual e especificamente o resto de elementos que compoñen este complexo industrial, cos niveis de “integral”, ou cando menos “estrutural”, como son:**

a) **os dous almacéns do porto de Vigo** que en tempo foron concedidos a Alfageme e agora o foron os estaleiros Cardama e Freire.

b) **a rúa** que transcorre entre ambos almacéns cara o mar **e o peirao transversal e rampla que se adentra no mar.**

c) **a nave ampliada no ano 1949** (obra tamén de Manuel Gómez Román), coa súa estrutura metálica, a escalinata, e a cinta transportadora móbil (tipo “finger”)

d) **as naves do antigo almacén** (de 1920), coa súa estrutura de

madeira

e) **a vivenda familiar**, cos seus elementos interno máis notables, como a escaleira e súa vidreira, parqué, enlousados,....

f) o **edificio da cantina, cociña e vestiarios**, coas súas divisións internas, e o edificio colindante que serviu de **taller**.

g) o **depósito de auga**

h) **a marquesiña do aparcadoiro**

i) **a entrada á parcela e a garita do vixiante**

l) o **empedrado das vías internas**

m) o **xardín**, co súas árbores, hórreo, farois,...

3. En cada un destes elementos só deben permitirse **novos usos que sexan acordes coa conservación e aproveitamento público do mesmos**, como poden ser: centro educativo, instalacións deportivas, mercado, albergue, museo, ... **É preciso pois, cambialo uso do inmovible de “Industrial” a “Equipamento” da cidade.**

4. Especificamente, o **xardín e vías internas deberían converterse nun espazo público aberto** que se incorpore ao tecido urbano do barrio. Para iso, sería preciso facer un estudo urbanístico para detectar novos usos e necesidades do barrio.

Para este e outros asuntos relacionados co Patrimonio Industrial Vigués, ofrecémoslle a nosa colaboración.

Moitas grazas pola súa atención.

O coordinador e tesoureiro da Asociación Cultural “Vigo Industrial”: Uxío Reinoso Maset, en Vigo a 6 de abril de 2020.

contacto: p.i.riadevigo@gmail.com / tlfm: 633241060



Lenda, dalgúns dos elementos a conservar:

- A) almacéns do porto de Vigo
- B) a rúa e o peirao transversal e rampla
- C) a nave ampliada no ano 1949
- D) as naves do antigo almacén
- E) a vivenda familiar
- F) os edificios da cantina, cociña e vestiarios, e o do taller
- H) a marquesiña do aparcadoiro